



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA NOVE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000019

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día nove de xuño de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os concelleiros da Xunta de Goberno Local: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez e don Alejandro Antonio García Sousa. Non acude excusando a asistencia, dona Jessica Sabín Fernández; para os efectos de celebrar a sesión ordinaria correspondente e convocada para este día. Actúa coma secretaria a que o é da Corporación, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes atendendo á Orde do Día:

PARTE RESOLUTIVA

1º.-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: SANEAMIENTO E BOMBEO EN MONTEFARO (ADXUDICACIÓN).-

Expediente. 2021/C003/000003

CONSIDERANDO a tramitación do expediente citado, da que se desprenden os seguintes antecedentes xerais:

Plan POS+2021 da Deputación Provincial da Coruña.

Proxecto redatado por Carlos Antelo Martínez, enxeñeiro de camiños.

Financiamento.-

Deputación.- 115.000,00 euros; Concello.- 37.333,16 euros

Total proxecto.- 152.333,16 euros

(125.895,17 euros .- Importe sen IVE); (26.437,99 euros .- IVE)

Trámites preparatorios e acordo aprobación expte contratación e comezo de adxudicación (procedemento aberto, único criterio valoración factor prezo, tramitación urxente).

Anuncio no perfil do Contratante (PCSP); aperturados os sobres da documentación administrativa (A) por Mesa de Contratación admitinse a 4 empresas e requirise a dúas delas subsanación de documentación, que aportada resultan admitidas.

Aperturados os sobres de Oferta económica (C), en Mesa de Contratación e efecutadas as valoracións de criterios evaluables automáticamente, resultan os seguintes prezos e valoracións; sendo que todas elas din non concurrir con empresas vinculadas.

.-CIF: A15840861 BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS S.L

Ofrece o seguinte prezo:

a) Prezo sen IVE: 112.876,10 €

- b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) 21 %: 23.703,98 €
c) Total (a+b): 136.580,08 €
.- Non ten previsto subcontratar.

CIF: A15352735_EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.

Ofrece o seguinte prezo:

- a) Prezo sen IVE: 107.640,37 €
b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) 21 %: 22. 604,48 €
c) Total (a+b): 130.244,85 €

- Que ten previsto subcontratar unidades de obra polo importe que se indica:

| _Unidades o partes de obra A subcontratar | Importe IVE INCLUÍDO | Nome ou perfil empresarial do subcontratista |
|--|----------------------|---|
| Perforación horizontal | 9.786,84 € | Empresa especializada |
| TOTAL | 9.786,84 € | |

CIF: B32108334 HORDESCÓN

Ofrece o seguinte prezo:

- a) Prezo sen IVE: 118.165,21 €
b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) 21 %: 24.814,69 €
c) Total (a+b): 142.979,90 €
.- Non ten previsto subcontratar

CIF: A15013162 JOSÉ NO MANTIÑÁN

Ofrece o seguinte prezo:

- a) Prezo sen IVE: 122.130,91 €
b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) 21 %: 25.647,49 €
c) Total (a+b): 147.778,40 €
- Non ten previsto subcontratar.

CIF: B32211716 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L.

Ofrece o seguinte prezo:

- a) Prezo sen IVE: 116.012,40 €
b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) 21 %: 24.362,60 €
c) Total (a+b):140.375,01 €
.-Non ten previsto subcontratar.

CIF: B15938780 SYR-AMG OBRAS Y SERVICIOS.

Ofrece o seguinte prezo:

- a) Prezo sen IVE: 106.746,44 €
b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) 21 %: 22.416,75 €
c) Total (a+b): 129.163,19 €
.-Non ten previsto subcontratar ningunha unidade de obra.

2.- Valoración criterios evaluables automáticamente: 2021/C003/000003 - Saneamento e bombeo en Montefaro

Efectuase dita valoración co Programa de Valoración de Ofertas Económicas da Deputación

Provincial da Coruña, tomando coma referencia o prezo sen IVE.- 125.895,17 euros.
Límite oferta temeraria.- 111.165,22 euros.

NIF: B15840861 BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas S.L.:
100% prezo. Valor introducido polo licitador: 112.876,10 Baixa (%) 10,34.- Puntuación:
48,25.

NIF: A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.:
100% prezo .Valor introducido polo licitador: 107.640,37 Baixa (%) 14,50.- Puntuación:
67,67. BAIXA TEMERARIA.

NIF: B32108334 HORDESCON, S.L.:
100% - prezo Valor introducido polo licitador: 118.165,21 Baixa (%) 6,14 Puntuación:
28,65

NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.:
100% prezo Valor introducido polo licitador: 122.130,91 Baixa (%) 2,99 Puntuación: 13,95

NIF: B32211716 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.:
100% prezo Valor introducido polo licitador: 116.012,40 Baixa (%) 7,85 Puntuación: 36,63

NIF: B15938780 SYR-AMG, S.L.:
100% prezo Valor introducido polo licitador: 106.746,44 Baixa (%) 15,21 Puntuación:
70,63.- BAIXA TEMERARIA.

De conformidade co punto 15.4 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación mediante procedemento aberto cun único criterio de adjudicación- factor- prezo- das obras comprendidas nos plans provinciais (Ofertas anormalmente baixas) e de conformidade co artigo 149.4 da Lei 9/2017 de 8 de novembro (LCSP):

“ Cuando la mesa de contratación, o en su defecto el órgano de contratación hubiere identificado una o varias ofertas incursas en presunción de anormalidad, deberá requerir al licitador o licitadores que las hubieren presentado dándoles plazo suficiente para que justifiquen y desglosen razonada y detalladamente el bajo nivel de los precios, o de costes, o cualquier otro parámetro en base al cual se haya definido la anormalidad de la oferta, mediante la presentación de aquella información y documentos que resulten pertinentes a estos efectos”.

A Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes **ACORDA:**

1º.- REQUERIR á empresa NIF: A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES (5) dende o percibo da notificación, xustifique a súa oferta, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación. A documentación será presentada no rexistro municipal, asinada.

2º.- REQUERIR á empresa NIF: B15938780 SYR-AMG, S.L. . para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES (5) dende o percibo da notificación, xustifique a súa oferta, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación. A documentación será presentada no rexistro

municipal, asinada.

3º.- A documentación xustificativa realizada polos licitadores será remitida a informe dos servizos técnicos co fin de que emitan o correspondente informe sobre xustificación ou non da baixa anormal.

Feitos os requerimentos as empresas incursas en baixa presentan documentación ao respecto, que se traslada en data 9/12/21 a técnico da oficina de obras e urbanismo (arquitecto técnico), quen da entrega dos informes o 4/04/22 nos que conclúe:

EMPRESA EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA:

“.....

, o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa **Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA, queda xustificada a oferta económica presentada, non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada”** .

EMPRESA SYR AMG, S.L:

“

..., o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa **SYR-AMG, SL, queda xustificada a oferta económica presentada, non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada”**.

A Xunta de Goberno Local, dado que a seguinte empresa máis vantaxosa en puntuación é SYR AMG, S.L, acordou en sesión de 5.05.22:

“PRIMEIRO.- *Acordar xustificada a oferta económica presentada polas empresas Eulogio Viñal e Syr- Amg, non considerándose como ofertas economicamente desproporcionadas, en base ao informe técnico.*

SEGUNDO.- *Considerando que a empresa máis vantaxosa en puntuación é SYR-AMG, S.L (sendo o factor prezo criterio único), de conformidade co estipulado no punto 16.- Adjudicación en concreto 16.1.- Requerimento de documentación ao licitador que presentara a mellor oferta, do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación,*

REQUERIR a dito licitador SYR AMG S.L, NIF: B15938780 para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, **PRESENTE** a documentación sinalada no dito punto 16.1 do citado prego; incluído o documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5% do importe do prezo final do contrato, excluído o IVE, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 da LCSP.

De non atenderse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirará a súa oferta, continuándose cos trámites que procedan.

TERCEIRO.- *Notifiquese dito acordo ás empresas referidas”*

Visto que SYR- AMG S.L con rexistro entrada 202299900000701 (23.05.22), a documentación previa á adjudicación, que examinada, considerase correcta.

Constatado no expediente a existencia de informes que acreditan que dita empresa non ten débedas con este Concello; consta informe de fiscalización pola interventora municipal nº EMP 53/2022

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes a esta sesión de 9.06.22, adopta seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Adxudicar á empresa CIF: B15938780 SYR-AMG OBRAS Y SERVICIOS as obras contidas no proxecto: SANEAMENTO E BOMBEO EN MONTEFARO, co seguinte Prezo.

.- Prezo sen IVE: 106.746,44 €

.- Imposto sobre o valor engadido (IVE) 21 %: 22.416,75 €

.- Total .- **129.163,19 €**

Cun prazo de execución de **4 MESES.**

SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente, dispoñendoo con cargo á aplicación orzamentaria 161.60001.

TERCEIRO.- Nomease como Diretor de obra ao redator do proxecto Carlos Antelo Manríñez, exeñeiro de camiños, canais e portos, Colegiado nº 10.365. Dito técnico exercerá a función de Coordinador de Seguridade e Saúde da obra.

CUARTO.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria, aos demais licitadores e ao técnico nomeado para Dirección de obra e Coordinación de Seguridade e Saúde.

Xunto coa notificarase darase traslado ao adxudicatario das autorizacións sectoriais .

QUINTO.- Publicar a addxudicacion no perfil do contratante desta entidade, aloxado no Plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP).

SEXTO.- Requerirase ao adxudicatario para a formalización do contrato, que deberá efectuarse non máis tarde de quince días hábiles seguintes a áquel en que reciba a notificación da adxudicación, e na data que sinale a administración. Unha vez formalizado o contrato, publicar tal feito no perfil do contratante do órgano de contratación.

2º.- CONTRATACIÓN DO PROGRAMA: “CONCILIA TEMPOS VERÁN 2022”.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A CONTRATACIÓN DO PROGRAMA “CONCILIA TEMPOS VERÁN 2022”:

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de levar a cabo o programa “Concilia Tempos Verán” de conciliación da vida familiar, persoal e laboral durante o período vacacional de verán

Vista a retención de crédito practicada polos servizos económicos do Concello e visto o informe técnico da educadora social do Departamento de Servizos Sociais, que se transcribe a continuación:

“ INFORME PARA A CONTRATACIÓN DO PROGRAMA “CONCILIA TEMPOS VERÁN” (2022)

1. ANTECEDENTES

O programa Concilia Verán leva funcionando dende o ano 2012, sempre con boa participación e satisfacción por parte das familias usuarias. É un recurso para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral cunha metodoloxía lúdica-coeducativa, que pretende ofrecer un espazo seguro, agradable e educativo para nenos e nenas entre 3 e 12 anos durante os meses de verán.

2. CONTEXTUALIZACIÓN As prazas ofertadas cubríronse durante os anos que se leva desenvolvendo o Programa, o que pon de manifesto a necesidade que existe de ter un recurso de conciliación neste período vacacional.

Trala experiencia de anos anteriores e atendendo ao aumento da demanda, é preciso desenvolver o programa en dous espazos diferenciados, en función da idade e das diferentes necesidades que teñen. Os espazos serán a antiga escola de Aviño e a asociación veciñal de Pantín.

O número de prazas que se oferta inicialmente é de 20 para a franxa 4-6 anos e de 24 para a franxa 7-12 anos. É probable que sexa máis a demanda do grupo de maiores, tendo que valorar o aumento doutra persoa monitora, como pasou os anos anteriores.

O programa realizarase durante os meses de xullo e agosto, entre as 8:30 e as 14:00 horas.

3. OBXECTIVO

Ofrecer o servizo de conciliación de verán a través do programa socio-coeducativo Concilia Tempos Verán á vista da necesidade e demanda da poboación, mediante a contratación dunha empresa externa especializada no sector lúdico-coeducativo, con experiencia no traballo con infancia.

4. PROCEDIMENTO

A pesares de ser un servizo municipal, é imposible realizar o obxecto do contrato por medios propios, debido ás especificacións do persoal, ás funcións propias do proxecto e ao cadro de persoal existente agora mesmo en materia de Servizos sociais e Educación.

O procedemento de contratación rexerese pola modalidade de contrato menor, como opción excepcional dos procedementos administrativos. Igualmente, realizouse unha invitación xeral a varias empresas do sector para a presentación de ofertas, establecendo un prazo para entregar no Rexistro Municipal.

5. ORZAMENTO

Tendo en conta o informe de intervención, co correspondente certificado de existencia do crédito e a súa retención, por valor superior ás ofertas existentes, e que se establece na proposta do servizo na aplicación orzamentaria 23122799, enténdese que existe crédito suficiente para desenvolver o dito Programa.

*Está solicitada a subvención para entidades locais en materia de igualdade e conciliación na que se solicitou unha axuda de 16000 euros para os programas de conciliación que se levan no Concello (Concilia Tempos Mañás e Verán).

6. PREZOS PÚBLICOS

Para o orzamento tense en conta a aportación económica das familias usuarias segundo a ordenanza correspondente. Atendendo ao texto da Ordenanza

reguladora de prezo público pola prestación de servizos educativos, culturais e deportivos:

“* Outras escolas ou actividades formativas e servizos culturais. Os custos ateranse, de acordo co preceptuado pola lee, á cobertura dos gastos de organización”

proponse un prezo mensual de 50 euros por neno ou nena, co desconto en segundo/a irmá/n participante do 20%, podendo sumar un total aproximado de 3000 euros, de se cubrir as prazas ofertadas.

Este prezo non permite cubrir na súa totalidade os gastos de organización aos que fai referencia a ordenanza. Sen embargo, acolléndose ao texto do TRLFL (“Texto refundido da Lei de Facendas Locais”), no seu artigo 44, referente á contía:

1. O importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.

2. Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se e houbera.”.

Considerando o punto 2, dende o departamento de Servizos Sociais faise o axuste necesario segundo as características da poboación destinataria e os parámetros habituais do custo das actividades, establecendo a cantidade de 50 euros mes por neno ou nena participante.

7. CRITERIOS DE ADMISIÓN

Os criterios de admisión para a baremación, no caso de existir máis demanda que prazas, establecen as seguintes condicións preferentes:

- 1) Que a unidade familiar estea empadroada no Concello de Valdoviño
- 2) Que os/as nenos/as teñan escolarización nalgúns dos centros escolares do Concello de Valdoviño
- 3) Que as persoas proxenitoras estean laboralmente en activo
- 4) Que tendo as circunstancias anteriores a unidade de convivencia cumpra con algún dos criterios que se recollen como familias de especial consideración na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia:
 - a) As familias numerosas.
 - b) As familias monoparentais (para este efecto terase en conta que o/a menor dependa economicamente e en exclusiva da persoa gardadora, sen contribución económica do outro proxenitor).
 - c) As familias con persoas maiores ao cargo.
 - d) As familias con persoas con discapacidade ao cargo.
 - e) As familias con persoas dependentes ao cargo.
 - f) As familias acolledoras 3

8. PROPOSTAS

Co procedemento habitual e seguindo o artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, envíase solicitude a seis empresas por mail co obxectivo de que presenten unha proposta técnica e económica para o desenvolvemento do servizo. As entidades convocadas son:

- ✓ La Guagua
- ✓ Picariños
- ✓ Espacio Vivo
- ✓ Gestion Plus

✓ Pabulandia

Establécese a data límite de entrega o 13 de maio a través do Rexistro Xeral do Concello.

Pasado o prazo establecido, preséntanse catro empresas con cadansúa proposta técnica e económica. As entidades son as que seguen:

✓ La Guagua (CIF B70290689)

✓ Picariños (79333227V)

✓ Gestión Plus (B70162649)

Tendo en conta os aspectos valorados que se solicitaron na petición de orzamento e que se detallan a continuación:

o Técnicas e procedementos pedagóxicos

o Materiais a empregar

o Secuencia de contidos e obxectivos operativos

o Programación de actividades

* Especificar tipoloxía das actividades tendo en conta o contexto no que se desenvolve (relación co medio, actividades físico-deportivas, actividades artísticas, etc)

* Especificar os contidos e actividades con perspectiva de xénero

o Indicadores e mecanismos de avaliación.

e que se entende que indican a calidade socioeducativa dos proxectos, en canto a principios, obxectivos, e metodoloxía empregada.

E tendo en conta tamén, o referente ao persoal que se esixía na petición de orzamento do seguinte xeito: "A actividade estará guiada por persoas que contén con formación no ámbito das Ciencias da Educación e/ou do ámbito do Deporte. O primeiro dos perfís deberá estar presente en polo menos unha das dúas persoas. As persoas deberán contar con formación no ámbito da igualdade ou coeducación e ter habilidade na relación coa infancia".

9. VALORACIÓN DE PROPOSTAS TÉCNICAS

Recóllese a valoración técnica das empresas, en base aos criterios solicitados, na seguinte orde decrecente:

o Picariños

o La Guagua

o Gestión Plus

No referente á proposta de Picariños, presenta uns contidos técnicos organizados e completos. Centra a súa proposta nos obxectivos de áreas temáticas diferenciadas, e aínda que fai referencia ao fío condutor que se pide nas prescricións técnicas, non o integran na súa planificación. Presenta innovación na súa programación de actividades. Fai referencia ao enfoque metodolóxico e ás necesidades e intereses da infancia para o acompañamento no espazo. Contempla a perspectiva de xénero e garante a formación requirida no persoal. Contempla aínda que con baixa presenza a conexión coa comunidade. Presenta unha listaxe suficiente de medios materiais. Valorase a especialización da entidade, a integración técnica na proposta e a experiencia no ámbito de referencia.

4 *Esta empresa está a realizar o proxecto Concilia Mañás que se veu desenvolvendo durante este curso escolar. Sendo así, habería incompatibilidade pola prestación dun servizo coincidente en obxectivos, ao superar o límite económico do contrato menor. Por este motivo, a empresa queda descartada da valoración.

No caso da proposta presentada por La Guagua valórase que fai un plantexamento correcto ao axustarse ao período de verán e aos obxectivos de disfrute. Considérase que conecta superficialmente o desenvolvemento do proxecto coa dinámica comunitaria, mencionando ao Concello para visitar sen obxectivos complementarios de aproveitamento nin integración no proxecto. Referencias teóricas e metodolóxicas pouco integradas na fundamentación. Referencias ao funcionamento emocional e acompañamento de espazo pouco definidas. Especifica o persoal e cumpre cos requirimentos formativos requeridos na proposta. Presenta unha abordaxe de xénero e unha presenza da mesma no desenvolvemento do proxecto mínima, coherente e fundamentada. Presenta unha listaxe abundante e variada de medios materiais. Recolle un cronograma de actividades variadas e innovadoras e complementa con dúas actividades especiais, unha delas unha excursión fóra do termo municipal.

En último lugar, Gestión Plus centra a súa proposta nos obxectivos de áreas temáticas diferenciadas en detrimento dun proxecto temático integrado. Recolle referencias metodolóxicas e principios condutores correctos. As actividades non contemplan conexión cos espazos e dinámicas comunitarias propias do Concello de Valdoviño. A programación de actividades non recolle innovación metodolóxica nin integración entre elas. . O enfoque coeducativo responde a unha abordaxe categórica sen integración reflexiva nin modelos de persoas diversos e alternativos.

10. VALORACIÓN DE PROPOSTAS ECONÓMICAS

Recóllese as propostas económicas das empresas, de menor a maior importe, coas seguintes indicacións sobre o monitorado:

- 2 persoas a 6,5 horas/2 meses

- 2 persoas a 5,5 horas/2 meses

Os importes, co IVE engadido, son:

o Picariños: ■ 14733,59 euros

*Esta empresa é a adxudicataria do proxecto Concilia Mañás que se está a desenvolver no presente curso escolar, polo que queda descartada ao superar o importe límite de contrato menor por un servizo que se enmarca dentro do mesmo marco da conciliación familiar e laboral.

o Gestión Plus ■ 14889,58 euros

o La Guagua: ■ 14993 euros

*Na presentación da documentación inicial presentan un orzamento que supera a cantidade de contrato menor. Trala advertencia presentan o segundo orzamento (que se contempla) para non resultar descartadas da valoración.

Os importes das propostas son moi parecidos entre elas, polo que non se valora como un factor que condicione o criterio de selección, considerando principalmente os aspectos técnicos a nivel metodolóxico e organizativo.

11. VALORACIÓN FINAL

Valorando o equilibrio entre a parte técnica e económica, a proposta que cumpre cos requisitos técnicos suficientes en relación ao seu custo é a proposta de La Guagua.

Por todo o exposto, ante a necesidade de dar cobertura ás familias para a conciliación, e trala valoración das propostas técnicas e económicas presentadas,

proponse como mellor opción, en función dos criterios socioeducativos propios do departamento, a presentada por La Guagua.

O prezo da contratación sería por un importe total de 14993 euros, incluíndo catro persoas monitoras durante dous meses, materiais e gastos de xestión.

5 No caso de precisar modificar o custo para adaptarse ás demandas do servizo, valorarase un orzamento complementario para a súa aprobación no caso de ser dar esta circunstancia.

Valdoviño, 7 de xuño de 2022 Iria García Martínez Educadora social

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local, aprobar o contido do informe técnico e aprobar a contratación da empresa “La Guagua” polo importe de 14993 euros, coas condicións recollidas na proposta, para a realización do Programa Concilia Tempos _ Verán 2022 durante os meses de xullo e agosto.

Alberto González Fernández
O Alcalde”

Vista a anterior proposta de Alcaldía a Xunta de Goberno Local- en votación ordinaria e por unanimidade dos membros asistentes á sesión (4 dos cinco que a conforman), acordou a súa aprobación, contratando á entidade “La Guagua” para o desenrolo do programa “Concilia Tempos Verán” (2022).

3º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

A.- Licenza de obra maior (ampliación planta baixo cuberta en vivenda unifamiliar)

- Expte. de obras 58/2021.- [REDACTED] (representado por [REDACTED])
[REDACTED] Para as obras de ampliación de planta baixo cuberta dunha vivenda unifamiliar tradicional na parcela situada en [REDACTED] na parroquia de Lago, Valdoviño (referencia catastral nº [REDACTED]) en solo clasificado como SOLO NO URBANIZABLE DE NUCLEO RURAL, ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta Magdalena Victoria López Martínez.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 7 de xuño de 2022 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder licenza de construción de ampliación de planta baixo cuberta de vivenda unifamiliar tradicional na parcela situada en [REDACTED] na parroquia de

Lago, Valdoviño. Licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta Magdalena Victoria López Martínez e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓNS DA LICENZA) de data 7 de xuño de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

As obras non poderán ser iniciadas en tanto non se notifique, por parte do Concello, o visto bo da seguinte documentación a aportar:

- * Proxecto de execución, visado
- * Estudo Básico de seguridade e saúde visado
- * Nomeamento do arquitecto técnico ou aparellador como director de execución da obra nun modelo homologado por dito colexio.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 185,81 €. ICIO.- 854,73 €.

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

O prazo de iniciación das obras no poderá exceder os 6 meses (polo tanto, no caso de ter que adxuntar proxecto de execución, este deberá ser informado por parte do Concello antes do remate do prazo anterior), e o de terminación os tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as mesmas por tempo superior a seis meses.

Valdoviño, 8 de xuño de 2022.
O Alcalde,
Asinado/Alberto González Fernández”

Despois de ver a proposta do Alcalde, concédese a licenza solicitada e tramitada no expte de obras nº 58/2021 pola Xunta de Goberno Local, que adopta o acordo en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 membros dos 5 que a conforman).

B.- Licenza de obra maior (construción de vivenda unifamiliar)

.- Expte. de obras 296/2021.- [REDACTED]
[REDACTED] - Para as obras de construción de vivenda unifamiliar aillada (inclúe cerres de parcela) na parcela situada no [REDACTED] na parroquia de Pantín, Valdoviño (referencia catastral nº [REDACTED] en solo clasificado como SOLO NON URBANIZABLE DE NUCLEO RURAL TRADICIONAL, ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA E SOLO NON URBANIZABLE, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Ramón Montero Cereijo.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 6 de xuño de 2022 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] licenza de construción de vivenda unifamiliar aillada (inclúe cerres de parcela) na parcela situada no [REDACTED] na parroquia de Pantín,, Valdoviño. Licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Ramón Montero Cereijo e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 6 de xuño de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

As obras non poderán ser iniciadas en tanto non se notifique, por parte do Concello, o visto bo da seguinte documentación a aportar:

- * Proxecto de execución, visado
- * Estudo Básico de seguridade e saúde visado
- * Nomeamento do arquitecto técnico ou aparellador como director de execución da obra nun modelo homologado por dito colexio.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 464,12 €. ICIO.- 2.134,97 €.

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

O prazo de iniciación das obras no poderá exceder os 6 meses (polo tanto, no caso de ter que adxuntar proxecto de execución, este deberá ser informado por parte do Concello antes do remate do prazo anterior), e o de terminación os tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as mesmas por tempo superior a seis meses.

Valdoviño, 8 de xuño de 2022.

O Alcalde,

Asinado/Alberto González Fernández”

Despois de ver a proposta do Alcalde, concedese a licenza solicitada e tramitada no expte de obras nº 296/2021 pola Xunta de Goberno Local, que adopta o acordo en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 membros dos 5 que a conforman).

PARTE ACTIVIDADE

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/